

Produto: Seguro móvil Orange

Compañía: Zurich Insurance plc, Sucursal en España, con NIF W0072130H, e con domicilio en Paseo de la Castellana 81, planta 22, 28046 Madrid, inscrita no Rexistro administrativo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones coa clave E0189.

Este é un documento normalizado do produto de seguro conforme ao que establece o Regulamento de Execución da Comisión Europea de 11 de agosto de 2017. Aínda que non ten valor contractual, inclúe a descrición básica dos principais riscos que conforman o produto que se che presenta, así como outros dos seus aspectos destacados, todos eles detallados nos documentos precontractuais que se che facilitaron e que conformarán, en caso de aceptación, o contido das obrigas e dereitos aos que estarán suxeitos a Aseguradora e o tomador e/ou asegurado mediante condicións particulares do risco obxecto de seguro e as condicións xerais con número de referencia ORAE012204.

En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro que prové cobertura sobre o seu teléfono móbil, tablet ou smartwatch (o Dispositivo Asegurado). Esta póliza só se pode contratar nas canles de venda de Orange e a súa vixencia está asociada ao mantemento dunha liña telefónica para o Dispositivo Asegurado con Orange, está dispoñible despois da compra de dispositivos novos adquiridos en Orange ou en distribuidores oficiais autorizados por Orange sempre que este se atopase en perfectas condicións de uso e funcionamento.



Que se asegura?

Opción Seguro Global: Inclúe as seguintes coberturas:

- ✓ **Dano Accidental**
Calquera dano accidental que sufra o Dispositivo Asegurado, incluíndo o producido por líquidos. Entendendo por dano accidental aquel consecuencia directa de feitos externos accidentais producidos de forma violenta, súbita, imprevista e allea á intencionalidade do Asegurado, incluída a simple caída do Dispositivo Asegurado.
- ✓ **Roubo, Espoliación/Furto**
En caso de Roubo, Espoliación ou Furto do seu Dispositivo Asegurado, entregaráselle un Dispositivo de Substitución. As definicións de Roubo, Espoliación e Furto recóllense nas condicións xerais da póliza. O Dispositivo de Substitución é un equipo que pode estar utilizado pero que se puxo a novo (é dicir que técnicos autorizados polo fabricante o revisaron, probaron e reacondicionaron, estética, técnica e funcionalmente). De ser posible, o devandito dispositivo será igual ao modelo do Dispositivo Asegurado e, en caso de que o modelo xa non se comercialice ou non se atope dispoñible, será un dispositivo con, ao menos, similares características técnicas ao Dispositivo asegurado sen que se produza un prexuízo para o asegurado (en tódolos casos agás respecto do deseño e/ou cor).
- ✓ **Uso Fraudulento**
Satisfaráse o importe das chamadas non autorizadas realizadas por terceiros durante as 12 horas posteriores do acaecemento do Roubo, Espoliación ou Furto do Dispositivo Asegurado equipado coa tarxeta SIM asociada a este. O importe máximo cuberto serán 2.000 € por anualidade de seguro.
- ✓ **Avaría** (extensión de garantía tras a finalización da legalmente aplicable que actualmente é de 36 meses).
En caso de Avaría do Dispositivo Asegurado non cuberta pola Garantía, unha vez finalizado o período de garantía legalmente aplicable ofrecido polo fabricante/vendedor conforme á lexislación de consumidores aplicable.
- ✓ **Rotura de pantalla**
Comprometémonos a cubrir calquera dano accidental que sufra a pantalla do dispositivo asegurado excluindo os producidos por líquidos e calquera dano accidental que non sexa unha rotura da pantalla.

Opción Seguro de Danos Accidentais:

Inclúe as coberturas de dano accidental e avaría, segundo definidas anteriormente.

Opción Seguro de Pantalla:

Inclúe a coberturas de rotura de pantalla, segundo definidas anteriormente.

Por favor, consulte os límites de cada cobertura na súa Póliza.



Que non está asegurado?

- ✗ Calquera fallo, avaría, custo ou gasto do que sexa responsable o fabricante, o proveedor ou o distribuidor de conformidade co establecido nas súas obrigas contractuais ou legais sobre o Dispositivo Asegurado, durante os períodos de garantía outorgados por aqueles.
 - ✗ Calquera feito resultado de desgaste ou de baixada de rendemento ou debido ao uso normal do Dispositivo Asegurado.
 - ✗ Calquera dano ou avaría sobre a tarxeta SIM, ou calquera dano, avaría, roubo, espoliación ou furto de tarxetas de memoria ou accesorios do Dispositivo Asegurado (cargadores, sistemas de mans libres, tarxetas complementarias, auriculares e xeralmente calquera accesorio).
 - ✗ O custo da reparación de danos estéticos entendendo por tales as rozaduras, rascaduras, golpes e calquera outro dano puramente exterior ou danos na pintura ou o esmalte que non impidan o correcto funcionamento do Dispositivo Asegurado.
 - ✗ Desaparición do Dispositivo Asegurado que se perdese, extraviase ou esquecese accidentalmente.
 - ✗ Roubo ou furto en caso de que o Dispositivo Asegurado se subtraía dun vehículo a motor desatendido, agás que este estivese pechado e o Dispositivo Asegurado estivese gardado no maleteiro ou en calquera outro compartimento do vehículo para que este non sexa visible dende fóra.
- Na póliza figura a listaxe completa de exclusións.



Existen restricións no que respecta á cobertura?

- ! Máis de 3 sinistros anuais, dos cales, o cliente só poderá declarar un sinistro por roubo, furto ou espoliación ao ano.
- ! Será condición indispensable para que asumamos a nosa responsabilidade baixo a presente Póliza o pagamento dunha franquía cando se acepte o seu sinistro.
- ! Só se pode contratar unha Póliza durante os primeiros 180 días despois da data de compra do Dispositivo Asegurado.

Na póliza figura a listaxe completa de restricións.

Seguro móvil Orange

Documento informativo sobre produtos de seguros



Produto: Seguro móvil Orange

Compañía: Zurich Insurance plc, Sucursal en España, con NIF W0072130H, e con domicilio en Paseo de la Castellana 81, planta 22, 28046 Madrid, inscrita no Rexistro administrativo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones coa clave E0189.



Onde estou cuberto?

- O seguro e tódalas súas coberturas teñen validez en todo o mundo sempre que o domicilio de residencia habitual do Tomador/Asegurado se atope en España e considerando que en caso de sinistro as coberturas se cumprirán pola aseguradora exclusivamente en España.



Cales son as miñas obrigas?

No inicio do meu Contrato de Seguro:

- O Titular debe ser residente permanente en España e maior de idade no momento de contratar.
- Rexistrar o IMEI ou NÚMERO DE SERIE do dispositivo para identificalo no Contrato de Seguro.
- Ser titular dunha liña de Orange.

Durante o período de cobertura:

- Utilizar o seu dispositivo coidadosamente, manténdoo en bo estado.
- Informar de calquera cambio sobre modificacións nos seus datos persoais.

En caso de Sinistro:

- Só o titular da póliza ou unha persoa autorizada por este se considerará válido para iniciar a declaración do sinistro.
- Comunicar calquera sinistro á compañía aseguradora o antes posible:

Canle Online a través de: seguromovil.orange.es

Atención ao Cliente de Orange: no 1471, chamar de luns a domingo de 8 h a 22 h.

- En caso dun sinistro de roubo, espoliación ou furto deberá presentar unha denuncia ante a policía (ou ante a autoridade local competente se o asegurado se atopase no estranxeiro) e obter unha copia da denuncia presentada. Na denuncia incluírase o número IMEI/NÚMERO DE SERIE do Dispositivo Asegurado así como a mención á existencia dun seguro sobre este e deberá achegarse no momento da creación do sinistro.
- Facilitar a información que lle soliciten.
- Aboar a franquía como consecuencia dun sinistro, o pagamento da contía necesaria aboarase a través da factura de Orange.
- Proporcionar información veraz ao declarar un sinistro, en caso de non ser así, Zurich poderá rescindir o contrato sen que houbese posibilidade de compensación ou devolución das Primas anteriormente pagadas polo Asegurado.



Cando e onde realizo o pagamento?

- Realizar o pagamento do importe da Prima mensual ou anual (segundo a elección do cliente) a través da factura de servizos de comunicacións móbiles de Orange mediante domiciliación bancaria na mesma conta que Orange cobra os outros servizos ofrecidos ao Asegurado. A factura mensual reflectirá o importe correspondente á Prima de seguro por separado.
- A póliza é de duración anual con pagamento mensual das primas á Compañía de Seguros.
- O importe da prima de Seguro dependerá do produto contratado e do ben asegurado.



Cando comeza e acaba a cobertura?

- Inicio: para dispositivos adquiridos no mesmo momento que a contratación do seguro será a data de entrega do dispositivo. Para resto de dispositivos, ás 00:00 horas do día seguinte á contratación.
- Duración do contrato: o período anual dende a data de efecto indicada nas condicións particulares da súa Póliza. A súa Póliza renovarase anualmente de xeito automático ata un máximo de 5 anos, podendo ambas partes oporse a cada renovación anual.
- Finaliza: Despois de 5 anos ou antes se Vostede ou a Compañía deciden rematalo antes previa comunicación entre as partes.



Como podo cancelar o contrato?

- Ten dereito a desistir desta póliza dentro dos 14 días seguintes ao día que reciba os termos e condicións da Póliza. Tras a recepción da notificación, reembolsáremoslle a totalidade do importe das primas que Vostede pagase, agás que se nos notificase algún sinistro durante o período no que a Póliza se mantivo en vigor.
- A baixa no servizo de comunicacións móbiles de Orange na liña asociada á contratación do seguro implicará a cancelación automática do contrato de seguro.
- Zurich poderá non renovar a póliza se o notifica por escrito con ao menos 2 meses de antelación do período de renovación.
- Vostede poderá cancelar a póliza en calquera intre chamando a Atención ao Cliente de Orange con ao menos un mes de antelación á data na que desexe cancelar esta.



Seguro móvil Orange

Número de póliza: ORAE012204 - - - - -

A presente Póliza está composta polas presentes Condicións Xerais e Particulares que conforman a súa póliza de seguro.

Condicións particulares

A aseguradora:

Zurich Insurance plc, Sucursal en España, con NIF W0072130H, e con domicilio en Paseo de la Castellana 81, planta 22 28046 Madrid, inscrita no Rexistro administrativo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións coa clave E0189 (en diante "Zurich" ou "a Aseguradora").

Tomador/Asegurado:

Nome e apelidos/Denominación social - apoderado: _____

Enderezo do tomador/asegurado: _____

DNI/Pasaporte/NIF: _____

País de residencia habitual: España

Dispositivo asegurado:

Marca	Modelo	Nº de IMEI / Nº de Serie	Modalidade de pago	Prima con impostos	Opción de Seguro	Modalidade de Seguro

Data de efecto: _____

Duración:

Dende as 00:00 horas da data de inicio de efecto da póliza ata as 23:59 horas do primeiro aniversario. Póliza anual renovable tacitamente por idénticos períodos **ata un máximo de 5 anos** dende a data de inicio de efecto da póliza.

Modificación:

Tipo de modificación: _____

Data solicitude de modificación: _____

Data efecto modificación: *

* Se a súa póliza é de pagamento mensual: A data de efecto da modificación será efectiva no primeiro día do seguinte prazo de pagamento fraccionado tras a data de solicitude de modificación.

Se a súa póliza é de pagamento anual: A data de efecto da modificación será efectiva ao día seguinte do vencemento anual do seu seguro. En cambios do tomador da póliza con pagamento anual, a data de efecto da modificación coincidirá coa data da solicitude de modificación nas condicións establecidas no apartado 7.2.- Cambios na súa Póliza.

Orange distribúe este seguro de acordo co art. 130.2 do Real Decreto Lei 3/2020, de 4 de febreiro, que entre outras incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva Europea de distribución de seguros privados.

V.Sep 2022

Condicións Xerais

Este documento, xunto coas Condicións Particulares, contén os detalles do teu seguro. **É importante que leas detidamente o seu contido posto que nel quedan contidas as Condicións Xerais de protección que che prestaremos como o teu Asegurador e que o conserves para a súa consulta no futuro.**

1. Definicións

Algunhas palabras contidas neste documento teñen un significado específico que pasamos a definirche a continuación:

Aseguradora: Zurich Insurance plc, Sucursal en España, con NIF W0072130H, e con domicilio en Paseo de la Castellana 81, planta 22 28046 Madrid, inscrita no Rexistro administrativo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións coa clave E0189.

Avaría: Fallo eléctrico, electrónico, electromecánico ou mecánico dun ou varios compoñentes do Dispositivo Asegurado, que afecten o seu bo funcionamento e procedan dun fenómeno de orixe interna. A Avaría é allea á intencionalidade do Asegurado e impide o funcionamento

do Dispositivo Asegurado e debe producirse unha vez transcorrido o prazo de garantía que legalmente debe outorgar o fabricante do devandito Dispositivo Asegurado.

Ciber Sinistro: danos e perdas, responsabilidades, reclamacións, custos, e gastos de calquera natureza que, de forma directa ou indirecta, teñan a súa orixe, se causasen total ou parcialmente ou garden relación cun Ciber Ataque, incluídas, sen carácter limitativo, calquera medida adoptada para controlar, previr, eliminar ou resolver un Ciber Ataque.

Ciber Ataque: acto ou serie de actos non autorizados, maliciosos ou delituosos, en calquera intre e lugar, ou a ameaza ou simulación de tales actos, que impliquen o acceso, procesado, uso ou operación de Sistemas Informáticos.

Condicións Particulares: Documento contractual anexo a estas Condicións Xerais no que se especifican as partes contratantes, o dispositivo móbil obxecto de cobertura, o efecto e a duración da Póliza así como a súa prima, entre outros.

Dano/s Accidental/Accidentais: Danos consecuencia directa de feitos externos accidentais producidos de forma violenta, súbita, imprevista e allea á intencionalidade do Asegurado.

Dispositivo Asegurado: Dispositivo obxecto de cobertura pola presente Póliza segundo se especifica nas súas Condicións Particulares.

Dispositivo de Substitución: Dispositivo que, en caso de Sinistro abeirado pola presente Póliza, o Asegurador lle entrega ao Asegurado como indemnización en cumprimento das obrigas que ao Asegurador lle competen.

O Dispositivo de Substitución é un equipo que pode estar utilizado pero que se puxo a novo (é dicir que técnicos autorizados polo fabricante o revisaron, probaron e reacondicionaron, estética, técnica e funcionalmente). **De ser posible, o devandito dispositivo será igual ao modelo do Dispositivo Asegurado e, en caso de que o modelo xa non se comercialice ou non se atope dispoñible, será un dispositivo con, ao menos, similares características técnicas ao Dispositivo asegurado sen que se produza un prexuízo para o asegurado (en tódolos casos agás respecto do deseño e/ou cor).**

O Dispositivo de Substitución entregado converterase no novo Dispositivo Asegurado baixo esta póliza, que continuará vixente de acordo cos termos establecidos nesta.

Agás nos casos de Roubo, Espoliación ou Furto, para poder proceder á entrega do Dispositivo de Substitución será necesario que a Aseguradora reciba o Dispositivo Asegurado sinistrado e comprobe que o número IMEI do Dispositivo Asegurado coincide co do Dispositivo sinistrado.

Espoliación (Atraco): Subtracción ou apoderamento ilexítimo, contra a vontade do Asegurado, dos bens cubertos pola póliza, mediante actos de intimidación ou violencia realizados sobre as persoas.

Franquía: A cantidade ou porcentaxe expresamente pactada que se deducirá da indemnización en caso de Sinistro e que deberá satisfacer o Asegurado.

Furto: A subtracción ou apoderamento de bens, contra a vontade do Asegurado, sen forza sobre as cousas nin violencia ou intimidación sobre as persoas.

IMEI (identificador único de terminal móbil) ou número de serie: código identificativo do Dispositivo Asegurado.

Opción de Seguro contratado: tipoloxía escollida de seguro e que se reflectirá nas Condicións Particulares. A continuación, resúmense as garantías incluídas en función da Opción de Seguro contratada:

Global	Danos Accidentais	Pantalla
Rotura de Pantalla	Rotura de Pantalla	Rotura de Pantalla
Dano Accidental	Dano Accidental	
Avaría	Avaría	
Roubo, Espoliación/Furto		
Uso Fraudulento		

Modalidade de seguro: cada un dos diferentes tramos de Prezo de Venda sen Descontos establecidos na cláusula 5.- Modalidade de seguro e que se reflicte nas Condicións Particulares.

Modificación: Considerarase como modificación o realizar un cambio de forma de pagamento (fraccionamento da prima), cambio de Opción de Seguro contratado ou un cambio do tomador da póliza debido a un cambio de titular dos servizos de Orange.

Póliza: Contrato de seguro que vincula a Aseguradora, o Tomador e o Asegurado e que comprende as presentes Condicións Xerais e Condicións Particulares.

Prezo de Venda sen descontos: É o prezo de venda ao

público sen descontos do ben asegurado no momento da contratación do seguro.

Puntos de Contacto:

Canle Online a través de: seguromovil.orange.es

Atención ao Cliente de Orange no 1471

Roubo: Subtracción ou apoderamento ilexítimo, contra a vontade do Asegurado, dos bens cubertos pola póliza, mediante actos que impliquen forza ou violencia nas cousas.

Rotura de Pantalla: danos na pantalla do Dispositivo Asegurado consecuencia directa de feitos externos accidentais producidos de forma violenta, súbita, imprevista e allea á intencionalidade do Asegurado.

Sinistro: Todo feito accidental, súbito e imprevisto, alleo á vontade do Asegurado, cuxas consecuencias poidan estar cubertas por algunha das garantías do contrato. Constitúe un único sinistro o conxunto de danos derivados dun mesmo evento ou causa.

Tomador ou Asegurado: A persoa que xunto a Zurich subscribe esta Póliza que é titular do interese asegurado e á que lle corresponden os dereitos e obrigas que desta se deriven. Na presente Póliza o Tomador e o Asegurado son coincidentes para tódolos efectos.

Uso Fraudulento: chamadas non autorizadas realizadas por terceiros durante as 12 horas posteriores do acaecemento do Roubo, Espoliación ou Furto do Dispositivo Asegurado equipado coa tarxeta SIM asociada a este.

2. Riscos Cubertos

Suxeito ás condicións previstas nas súas Condicións Particulares, en particular as garantías da Opción de Seguro que escollese, así como ao pagamento da prima correspondente, ás exclusións ou limitacións aplicables e ás Franquias previstas neste contrato de seguro, esta Póliza protexerá o Dispositivo Asegurado fronte ás coberturas que se definen a continuación.

En caso de Sinistro, en ningún caso poderase exixir a compensación ou indemnización económica en substitución das obrigas de reparación, substitución ou cambio asumidas pola Aseguradora na presente Póliza.

2.1. Dano Accidental

Comprometémonos a cubrir calquera Dano Accidental que sufra o Dispositivo Asegurado, incluíndo o producido por líquidos, mesmo na pantalla do Dispositivo Asegurado e incluída a simple caída do Dispositivo Asegurado.

2.2. Rotura de Pantalla

Comprometémonos a cubrir calquera dano accidental que sufra a pantalla do dispositivo asegurado **excluíndo os producidos por líquidos e calquera dano accidental que non sexa unha rotura da pantalla** dianteira e traseira.

2.3. Roubo, Espoliación, Furto

En caso de Roubo, Espoliación ou Furto do seu Dispositivo Asegurado, entregaráselle un Dispositivo de Substitución. Así mesmo, substituiráselle a tarxeta SIM, MicroSIM ou USIM ou calquera outro tipo de tarxeta SIM entregada por Orange e axeitada ao seu Dispositivo Asegurado. Se, con posterioridade, se recupera o Dispositivo Asegurado, o Asegurado está obrigado a comunicar a devandita circunstancia á maior brevidade posible, así como a devolver o Dispositivo de Substitución nas mesmas condicións no que llo entregamos. Igualmente, ao devolverlle o Dispositivo de Reempazo á Aseguradora (sempre que estea en perfecto estado, doutro xeito considerarase un Sinistro) a Aseguradora devolveralle a Franquía cobrada e non se computará como un Sinistro.

2.4. Uso Fraudulento

Reembolsaráselle o importe das chamadas non autorizadas realizadas por terceiros durante as 12 horas posteriores ao acaecemento do Roubo, Espoliación ou Furto do Dispositivo

Asegurado equipado coa tarxeta SIM asociada a este.

O importe máximo cuberto serán 2.000 € por anualidade de seguro.

2.5. Avaría (extensión de garantía tras a legalmente aplicable) Comprometémonos a cubrir a Avaría do Dispositivo Asegurado non cuberta pola garantía, unha vez transcorrido o prazo ofertado legalmente polo fabricante/vendedor de acordo coa lexislación de consumo aplicable.

3. Riscos non cubertos para todas as opcións de seguro

1. Máis de 3 sinistros por anualidade de seguro, dos cales, para os casos que a Póliza conteña a garantía de roubo, espoliación ou furto, o cliente só poderá declarar un sinistro por Roubo, Espoliación ou Furto ao ano.

2. Calquera incidente acaecido antes da data de contratación da Póliza ou despois da data na que esta se cancelase ou expirase ou se non se atopase ao corrente de pagamento.

3. Calquera fallo, avaría, custo ou gasto do que sexa responsable o fabricante, o proveedor ou o distribuidor de conformidade co establecido nas súas obrigas contractuais ou legais sobre o Dispositivo Asegurado, durante os períodos de garantía outorgados por aqueles.

4. Calquera feito resultado de desgaste ou de baixada de rendemento ou debido ao uso normal do Dispositivo Asegurado.

5. Calquera dano ou avaría sobre a tarxeta SIM, tarxetas de memoria ou accesorios do Dispositivo Asegurado (cargadores, sistemas de mans libres, tarxetas complementarias, auriculares e xeralmente calquera accesorio do Dispositivo Asegurado).

6. Calquera Roubo, Furto ou Espoliación de tarxetas de memoria ou accesorios do Dispositivo Asegurado (cargadores, sistemas de mans libres, tarxetas complementarias, auriculares e xeralmente calquera accesorio).

7. Calquera dano intencionado/malicioso que poida sufrir o seu Dispositivo Asegurado causado polo Asegurado/Tomador ou por calquera persoa que vostede autorizase a usar ou manipular o seu Dispositivo Asegurado.

8. Calquera dano ou perda de datos almacenados no seu Dispositivo Asegurado así como calquera software, aplicación, contido e datos de carácter persoal que tivese instalados e que non formen parte do paquete orixinalmente instalado polo fabricante.

9. Calquera custo incorrido como resultado de non poder utilizar o seu Dispositivo Asegurado ou pola recuperación de datos almacenados no seu Dispositivo Asegurado ou tarxeta SIM.

10. Calquera dano ou avaría causados pola incorrecta instalación de software, nin os danos e perdas, responsabilidades, reclamacións, custos e gastos de calquera natureza causados por calquera Ciber Sinistro o Ciber Ataque a través de programas ou aplicacións maliciosos ou por dispositivos de almacenamento externos ou virus informático.

11. Calquera modificación ou manipulación do seu Dispositivo Asegurado que non cumpra os estándares definidos polo fabricante, tales como o cambio de pezas, instalación de software non autorizado, etc.

12. O custo da reparación de danos estéticos entendendo por tales as rozaduras, rascaduras, golpes e calquera outro dano puramente exterior ou danos na pintura ou o esmalte que non impidan o correcto funcionamento do Dispositivo Asegurado.

13. Non se cubrirán as avarías non cubertas pola Garantía do Fabricante a excepción do disposto na cobertura de Avaría.

14. Radiacións e/ou contaminación por radioactividade de calquera residuo nuclear así como calquera outro risco extraordinario cuxa cobertura corresponda ao Consorcio de Compensación de Seguros.

15. Roubo ou furto en caso de que o Dispositivo Asegurado se subtraia dun vehículo a motor desatendido, agás que este estivese pechado e o Dispositivo Asegurado estivese gardado no maleteiro ou en calquera outro compartimento do vehículo para que este non sexa visible dende fóra.

16. Desaparición do Dispositivo Asegurado que se perdesse, extraviase ou esquecese accidentalmente.

17. Calquera sinistro como consecuencia de non ter coidado do seu Dispositivo, a perda do Dispositivo Asegurado, cando non se trate de Roubo, Espoliación, Furto ou outros eventos cubertos pola Póliza.

18. Calquera feito non cuberto pola Póliza.

19. Calquera dano ou perda indirectos de calquera clase que se produza en ocasión do Sinistro.

20. A aceptación dun Sinistro sen a comunicación e aceptación previa da Aseguradora ou realizando a reparación por conta propia por un servizo técnico non autorizado pola Aseguradora.

21. As reclamacións falsas e/ou fraudulentas por Roubo, Furto, Espoliación, Dano Accidental e outros impedimentos de uso dos dispositivos.

22. Os danos, defectos ou vicios previos á contratación do seguro, nin os que son responsabilidade do fabricante ou distribuidor.

23. Os sinistros derivados de conflitos armados, precedese ou non declaración oficial de guerra, así como a confiscación do obxecto por parte das autoridades.

4. Ámbito de Cobertura

O seguro e tódalas súas coberturas teñen validez en todo o mundo sempre que o domicilio de residencia habitual do Tomador/Asegurado se atope en España e **considerando que en caso de sinistro as coberturas se cumprirán pola aseguradora exclusivamente en España.**

5. Modalidade de Seguro

Á hora de contratar este seguro teranse en conta a Opción de Seguro e o Prezo de Venda sen descontos do Dispositivo Asegurado, para aplicar un dos apartados e así determinar a Prima e a Franquicia, segundo se indica no cadro do anexo 1.

6. Duración, Pagamento e Terminación do Contrato

1. A cobertura iníciase inmediatamente ao contratar a Póliza unha vez asinada esta e aboada a prima, tendo unha duración anual.

2. Pode desistir desta Póliza dentro dos 14 días seguintes á data de efecto amosada anteriormente (Condicións Particulares). Tras a recepción da súa notificación, reembolsáremoslle a totalidade do importe da prima que pagase, agás que notificase algún sinistro durante o período no que a Póliza se mantivese en vigor.

3. A baixa no servizo de comunicacións móbiles de Orange na liña asociada á contratación do seguro implicará a cancelación automática do contrato de seguro.

4. Agás oposición por algunha das partes ou resolución anticipada segundo o disposto no presente Contrato de Seguro ou na normativa vixente, a Póliza renovarase anualmente de xeito automático ata un máximo de 5 anos, podendo ambas as partes resolver o contrato: a) Por parte do Tomador, chamando en calquera intre a Atención ao Cliente de Orange ou por calquera outro medio admitido

en dereito con polo menos un mes de antelación á data de resolución e b) Por parte da Aseguradora con dous meses de antelación á finalización do período de cobertura en curso mediante notificación escrita.

5. O Tomador realizará o pagamento do importe da Prima mensual a través da factura de servizos de comunicacións móbiles de Orange mediante domiciliación bancaria na mesma conta que Orange cobra os outros servizos ofrecidos ao Tomador. A factura mensual reflectirá separadamente o importe correspondente á Prima de seguro. No caso de non facer fronte a algunha das Primas, a cobertura do contrato quedará suspendida.

6. En caso de ter que pagar a Franquía como consecuencia dun Sinistro, o pagamento da contía necesaria aboarase a través da factura de Orange segundo o disposto no punto anterior.

7. Se o Asegurado proporcionase información incorrecta ou falsa ao declarar un Sinistro, a Aseguradora poderá exercer as accións legais que lle correspondan xunto coa reclamación dos danos e perdas causados. Nos casos legalmente establecidos poderase igualmente proceder á rescisión da póliza.

7. Condicións Adicionais

1. Franquía

En caso de producirse un sinistro é condición indispensable o pagamento desta contía para que a Aseguradora asuma a súa responsabilidade baixo a presente Póliza. A contía a satisfacer dependerá da Modalidade e Opción de Seguro e a vía utilizada para a resolución do Sinistro mediante reparación ou substitución do Dispositivo Asegurado. A táboa coas franquías pactadas está reflectida nas Condicións Xerais apartado 5 relativo á Modalidade da Póliza.

2. Cambios na súa Póliza

Se quere realizar cambios na súa Póliza ou calquera outra información que proporcionase anteriormente, pode realizar o cambio a través do número dos Puntos de Contacto recollidos no apartado 1 da Póliza relativo as Definicións.

En caso de solicitar un cambio para mellorar a Opción de Seguro da súa póliza, entendendo como mellora a inclusión de opcións con coberturas adicionais á que teña o Tomador/ Asegurado no momento da solicitude da modificación, a Aseguradora resérvase o dereito de facer comprobacións sobre o Dispositivo Asegurado, tales como a verificación deste, previa aceptación do cambio solicitado. No caso de que o Dispositivo Asegurado non pase satisfactoriamente o proceso de verificación, denegaráselle a posibilidade de mellorar a modalidade de seguro contratada.

Tras rexeitar unha mellora de Opción de Seguro, en caso de volver solicitar unha mellora, requiriráselle ao cliente que se acredite a reparación do Dispositivo Asegurado por un servizo técnico autorizado.

En caso de cambio de tomador se é unha póliza anual, a modificación terá efectos na data da solicitude, pero non dará dereito a extorno da prima non consumida, que será aplicable ao resto do período de vixencia da póliza.

3. Prazo máximo de contratación. Condición suspensiva.

Só se pode contratar unha Póliza durante os primeiros 180 días despois da data de compra do Dispositivo Asegurado. Para aqueles dispositivos cunha antigüidade superior a 30 días, o Asegurador resérvase o dereito de instar o Tomador/ Asegurado a que realice as comprobacións pertinentes para verificar o bo estado de funcionamento deste, segundo as indicacións facilitadas pola Aseguradora. Nos casos que se requira verificación do Dispositivo Asegurado, o contrato quedará suspendido ata que se complete o devandito proceso de verificación. En caso de pagarse algunha cantidade, esta considerárase unha provisión de fondos

durante o período de suspensión. O Tomador/Asegurado dispón dun máximo de 10 días para finalizar o proceso de verificación, transcorridos os cales sen que se completase o devandito proceso, este contrato quedará resolto automaticamente con reintegro da provisión de fondos percibida.

4. Condición Previa de Contratación

Só serán susceptibles de ser asegurados Dispositivos asociados a liñas activas do servizo móbil postpagamento para clientes particulares de Orange que se vendesen a través das canles de comercialización de Orange.

8. Obrigas do Asegurado/Tomador

1. Se acaecese un sinistro, o Tomador/Asegurado quedará suxeito a cumprir as seguintes regras e obrigas:

1.1 Comunicarlle o sinistro á Aseguradora, no espazo de tempo máis curto que lle sexa posible, detallando as circunstancias, causas e consecuencias;

1.2 O Asegurado tamén estará obrigado a declarar o Roubo, Espoliación, Furto ou Uso Fraudulento ante as autoridades competentes no menor tempo posible e a proporcionarlle á Aseguradora unha copia da denuncia. Na denuncia indicárase, entre outros, o IMEI do Dispositivo Asegurado no caso de teléfonos móbiles ou identificación do Dispositivo Asegurado se non contasen con IMEI e a existencia dun seguro para a súa cobertura.

1.3 Tomar as medidas ao seu alcance para previr ou limitar as consecuencias de sinistro.

1.4 Facilitarlle á Aseguradora toda a información sobre as circunstancias e consecuencias do sinistro, ademais da información e/ou documentación complementaria que se puidese solicitar deste.

1.5 Achegar os comprobantes, recibos, certificados e denuncias que xustifiquen o acaecemento dos eventos cubertos por esta Póliza.

1.6 Aceptar o equipo de peritaxe dos expertos que designe a Aseguradora, se esta o precisa necesario.

1.7 Solicitar o bloqueo do IMEI do Dispositivo Asegurado no caso das coberturas de Roubo, Espoliación ou Furto ou Uso Fraudulento.

2. O Tomador/Asegurado obrígase tamén a comunicarlle á Aseguradora a existencia doutras pólizas de seguro contratadas con outros aseguradores e que poidan protexer o sinistro e/ou responder polas consecuencias dun Sinistro.

3. O incumprimento do disposto nos apartados 1 e 2 anteriores poderá determinar o aboamento dos danos e perdas causados se o incumprimento fose doloso ou lle causase dano significativo á Aseguradora.

4. No caso de incumprimento do previsto nos subapartados 1.1 e 1.2 anteriores, e sempre que o Asegurado probe que non puido comunicar o incidente con anterioridade e que a comunicación produciuse no momento axeitado e dentro dos períodos razoables, a Aseguradora non aplicará o apartado 3.

5. Tras rexeitar un sinistro por Dano Accidental e antes de admitir calquera sinistro posterior dese mesmo Dispositivo Asegurado, requirirase que se acredite a reparación do Dispositivo Asegurado por un servizo técnico autorizado polo fabricante deste.

9. Xestión de Sinistros

1. En caso de sinistro, o Asegurado deberá comunicarlle o seu acaecemento á Aseguradora de acordo co anteriormente indicado, e sempre antes de realizar calquera traballo sobre o Dispositivo Asegurado sen a previa aceptación por parte da Aseguradora.

Para isto poderá comunicar o sinistro en: seguromovil.orange.es Alternativamente chamar de luns a domingo de 8h a 22h a Atención ao Cliente no 1471.

2. En caso de Roubo, Espoliación ou Furto, o Asegurado deberá pór en coñecemento da Aseguradora na maior brevidade e denunciar o Roubo, Espoliación ou o Furto diante das autoridades competentes o máis rápido posible, a contar dende o momento que se produciu ou tivo coñecemento do acaecemento do incidente.

3. Deberá facilitar unha copia da denuncia así como da descrición dos feitos acontecidos.

4. A Aseguradora poderá requirirle ao Asegurado que cubra un formulario para a xestión do seu Sinistro, que se lle enviará por email ou correo ordinario, e que este deberá devolver cuberto para progresar coa xestión do seu sinistro.

5. A Aseguradora procederá á reparación, substitución ou cambio do seu Dispositivo Asegurado en función da Opción de Seguro Contratada e o Sinistro acontecido. Para as coberturas de Dano Accidental, Rotura de Pantalla e Avaría, o Asegurado, segundo as condicións, exclusións e franquías da presente póliza, poderá:

i. Solicitarlle á Aseguradora reparar o Dispositivo Asegurado nos servizos técnicos designados pola Aseguradora en cada intre, ou

ii. Solicitarlle á Aseguradora substituír ou cambiar o Dispositivo Asegurado por un Dispositivo de Substitución. Este novo Dispositivo converterase no novo Dispositivo Asegurado baixo esta Póliza dende o momento de entrega deste ao Asegurado.

6. Para a cobertura de Uso Fraudulento, deberá achegarnos a factura da compañía telefónica para verificar a cantidade correspondente a indemnizar.

¡Importante! En caso dun sinistro e/ou Avaría, tódolos bloqueos (pin, padrón de desbloqueo, Find My iPhone, etcétera) deberán desactivarse do seu Dispositivo Asegurado antes de que se recolla. Se estes estivesen activos cando se reciba o seu Dispositivo Asegurado comportará que o seu sinistro se atrase e o seu Dispositivo Asegurado se lle devolva para a desactivación dos códigos de bloqueo e non se lle entregará o Dispositivo de Substitución.

10. A Fraude

Se o tomador/asegurado ou calquera persoa que actúe no seu nome, intencionadamente:

- Proporciona información inexacta ou falsa.
- Realiza unha denuncia falsa para apoiar un Sinistro.
- Presenta un documento falso ou falsificado para apoiar un Sinistro.
- Presenta un Sinistro para calquera perda ou dano causado con vontade de dolo ou culpa grave.

Entón Zurich pode:

- Presentar denuncias para reclamarlle ao reclamante fraudulento.
- Tomar medidas para eliminar a súa protección e, en caso de fraude, non permitir que volva subscribir un seguro connosco.
- Non pagar ningún sinistro considerado fraudulento.
- Recuperar, conforme á lei, calquera importe xa pagado como consecuencia dun sinistro anterior.
- Non devolver ningunha prima pagada polo asegurado.
- Informar a policía das circunstancias.

11. Información Legal sobre a súa Póliza

Está a contratar unha póliza con Zurich Insurance Public Limited Company, que é unha compañía aseguradora rexistrada en Irlanda, con número 13460 e domicilio en Zurich House, Frascati Road, Blackrock, County Dublin, A94 X9Y3, Irlanda. Está supervisada e rexistrada por Central Bank of Ireland, e autorizada para operar en España en réxime de dereito de establecemento a través da súa sucursal Zurich Insurance plc, Sucursal en España

("Zurich"), con NIF W0072130H, e con domicilio en Paseo de la Castellana 81, planta 22 28046 Madrid, inscrita no Rexistro administrativo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións coa clave E0189. En aplicación do art. 123 do Real Decreto 1060/2015, de 20 de novembro, de Ordenación, Supervisión e Solvencia das Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras, infórmase de que non se aplicará a normativa española en materia de liquidación de entidade aseguradora, senón a normativa irlandesa. A Aseguradora non ofrece asesoramento en relación cos produtos de seguro comercializados.

Esta Póliza rexerase pola Lei de Contrato de Seguro, a Lei de Ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras e a súa normativa de desenvolvemento, así como calquera outra que resulte aplicable.

A presente Póliza queda sometida á xurisdición española e dentro dela, aos tribunais que correspondan ao domicilio do Tomador.

12. Queixas e Reclamacións

Zurich pon á disposición dos clientes un enderezo de correo electrónico onde poder dirixir queixas e reclamacións, consultas ou incidencias sobre calquera aspecto operativo relacionado co Seguro Móbil de Orange: seguromovil.orange@icp.com

Adicionalmente, as queixas e reclamacións conforme se regulan en Orde Ministerial ECO 734/2004 poderán dirixirse ao Servizo de Defensa ao Cliente da Compañía cuxo Regulamento se atopa dispoñible na nosa páxina web www.zurich.es/defensacliente, podendo na actualidade, remitir as súas reclamacións a través de defensacliente-es@zurich.com. O Servizo de Defensa ao Cliente disporá dun prazo de ata un mes para ditar a resolución a contar dende a presentación da queixa ou reclamación, podendo o reclamante a partir da finalización do devandito prazo, ou outro inferior previsto no seu propio Regulamento, acudir ao Servizo de Reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, podendo utilizar o formulario que o devandito organismo público pon á súa disposición na súa páxina web.

13. Protección de Datos de Carácter Persoal

Responsable do tratamento dos datos: Zurich Insurance plc, Sucursal en España. www.zurich.es/rgpd

Finalidades do tratamento dos datos:

- Coa finalidade de xestionar o contrato: Os datos de carácter persoal incluíranse en arquivos de Zurich Insurance plc, Sucursal en España, e da súa matriz Zurich Insurance plc, a finalidade dos cales é a celebración do contrato, a perfección, mantemento e control do contrato de seguro, así como a realización de estudos estatísticos, de calidade ou análises técnicas, a xestión do coaseguro, reaseguro, no seu caso, e, por parte da matriz, tratamentos relativos á prevención do branqueo de capitais e ao financiamento do terrorismo.

- Coa finalidade de previr a fraude: Así mesmo, utilizaranse para a prevención da fraude. Para tal efecto, os datos incluídos nas facturas/ticket ou número de serie (IMEI), tamén se utilizarán para esta finalidade e para a análise estatística dos produtos asegurados.

Lexitimación: Interese lexítimo.

14. Compensación de Seguros das Perdas Derivadas de Acontecementos Extraordinarios Acaecidos en España

O Consorcio de Compensación de Seguros pagará as indemnizacións derivadas de sinistros producidos por acontecementos extraordinarios acaecidos en España e que afectan a riscos nela situados, cando o Tomador

satisfíxese as correspondentes recargas ao seu favor. En caso de sinistro, o Asegurado, Tomador, beneficiario, ou os seus respectivos representantes legais, directamente ou a través da entidade Aseguradora, deberá comunicar, dentro do prazo de sete días de coñecelo, o acaecemento do sinistro, na delegación rexional do Consorcio que corresponda, segundo o lugar onde se produciu o sinistro. A comunicación formularase no modelo establecido para tal efecto, que está dispoñible en www.consorseguros.es, ou nas oficinas deste ou da entidade aseguradora, ao que deberá achegarse a documentación que, segundo a natureza dos danos, se requira.

15. Aplicación de orde pública internacional

Sen prexuízo das condicións deste acordo, non poderá considerarse que a Aseguradora dea cobertura, realice pagamentos ou preste algún servizo ou beneficio a favor de calquera Tomador/Asegurado ou terceiro mentres esa cobertura, pagamento, servizo ou beneficio e/ou calquera outro negocio ou actividade do Tomador/Asegurado puidese contravir lexislacións ou regulacións comerciais, de embargo comercial, ou de sancións económicas afectadas por unha orde pública internacional.

Así mesmo, no eventual caso de que a Aseguradora, con ocasión do cumprimento das formalidades previstas nas devanditas regulacións, excedese o prazo máximo previsto para o cumprimento de determinadas obrigas, estas non devindicarán xuros de demora.

16. Cláusula SEPA

O Tomador, ao facilitar os datos bancarios para o pagamento da prima do seguro ou, no seu caso, para o recobrimento de franquías, consinte e autoriza a que o seu

importe se cargue na conta que se lle facilitou a Orange para o pagamento dos seus servizos de comunicacións ou naquela outra conta que, durante a vida do contrato, designe o Tomador para o pagamento dos seus servizos de comunicacións de Orange e, por conseguinte, da Prima de Seguro.

No suposto de que o Tomador non sexa titular da conta facilitada, este asegura ter obtido a autorización da persoa titular para tales efectos.

17. Aceptación Expresa

O Tomador reconece que recibiu toda a documentación precontractual legalmente exigible incluíndo o Documento de Información sobre Produto de Seguro así como a que compón a Póliza, manifestando o seu coñecemento e conformidade con esta, aceptando expresamente aquelas cláusulas que, debidamente salientadas en letra grosa, puidesen ser limitativas dos dereitos do Asegurado. Así mesmo, reconece expresamente que recibiu e entendeu toda a información con anterioridade á sinatura do presente contrato. O abaixo asinante declara que leu e comprendeu en tódolos seus termos as condicións do presente contrato de seguro, aceptando expresamente tódalas cláusulas limitativas incluídas neste.

Sinatura do Tomador:

Sinatura da Aseguradora:

Vicente Cancio
Director Xeral
Zurich Insurance plc,
Sucursal en España

Anexo 1

Opción de Seguro	Modalidade de seguro	Prezo de compra (PVP sen descontos)	Prima mensual con impostos	Prima anual con impostos	Franquía reparación	Franquía substitución
Global	1	0 € - 250 €	4,00 €	45,60 €	20,00 €	40,00 €
	2	251 € - 450 €	6,00 €	68,40 €	30,00 €	60,00 €
	3	450 € - 750 €	10,50 €	119,70 €	40,00 €	80,00 €
	4	751 € - 1.100 €	13,50 €	153,90 €	50,00 €	100,00 €
	5	1.101 € - 1.750 €	15,50 €	176,70 €	60,00 €	120,00 €
Danos	6	0 € - 250 €	3,50 €	39,90 €	20,00 €	40,00 €
	7	251 € - 450 €	5,50 €	62,70 €	30,00 €	60,00 €
	8	450 € - 750 €	9,00 €	102,60 €	40,00 €	80,00 €
	9	751 € - 1.100 €	11,50 €	131,10 €	50,00 €	100,00 €
	10	1.101 € - 1.750 €	13,50 €	153,90 €	60,00 €	120,00 €
Pantalla	11	0 € - 250 €	3,00 €	34,20 €	20,00 €	40,00 €
	12	251 € - 450 €	4,50 €	51,30 €	30,00 €	60,00 €
	13	450 € - 750 €	5,50 €	62,70 €	40,00 €	80,00 €
	14	751 € - 1.100 €	8,00 €	91,20 €	50,00 €	100,00 €
	15	1.101 € - 1.750 €	10,00 €	114,00 €	60,00 €	120,00 €